

GRIAL

SIRO: A caricatura como arte.

CONSTANTINO GARCÍA: A lingua galega hoxe. A súa situación no ensino.

AMABLE VEIGA: Fonoloxía galega. Fonemática: La sílaba.

SALVADOR LORENZANA: O fado trágico dun artista.

EDUARDO MOREIRAS: Unha constante na obra de arte: O tempo interior.

XENARO MARIÑAS: Dúas pezas de teatro inerte.

M. CASADO NIETO: Versión galega de "Os laios de Xeremías".

RAMÓN PIÑEIRO: Xchán Vicente Viqueira.

ANIBAL OTERO

A mediados de marzo morreu na súa casa de Ribeiras de Piquín o conocido lingüista galego Aníbal Otero. Formárase en Madrid, especialmente cos profesores Menéndez Pidal e Navarro Tomás, cos que traballou no Centro de Estudios Históricos. Comenzou traballando na recolleita de romances en Galicia por encárgo de don Ramón Menéndez Pidal, labor que levou a cabo con gran eficacia e pericia según testemuño expreso e reiterado do ilustre mestre da Filoloxía española (nas conversas que tiña na Real Academia Española con Ramón Cabanillas encol da necesidade urxente de recoller o galego oral pra a elaboración do Dicionario Galego, nunca esquecía de advertir: non se pode intentar hoxe a elaboración dun Dicionario Galego serio sin contar coa colaboración de Aníbal Otero. Traballa admirablemente ben na recolleita de materiais). Pasou despois a colaborar co profesor Navarro Tomás como membro do equipo que iba arrecadar os materiais pra o "Atlas Lingüístico Peninsular". Aníbal Otero, pola súa condición de galego-falante foi destinado a traballar preferentemente en Galicia e Portugal. En xullo do 36 pillouno o comenzo da guerra civil en terras do Norte de Portugal recollendo materiais para o "Atlas", e as autoridades portuguesas, sospeitando que se trataba dun axente republicán, entregárono como tal en Tuy, onde foi

incorporado ao sumario que incluía ás autoridades republicanas daquela cidade e xuzgado en consello de guerra. Pasou varios anos preso, que aproveitou para estudar alemán e para seguir recollendo léxico mediante enquisas sistemáticas que lles iba facendo a todos os presos galegos que compartían a súa situación. Despois da guerra e da prisión, voltou para o seu eido nativo en Ribeiras de Piquín e alternaba a súa vida campesiña coa recolleita de léxico.

Ademais da súa participación no "Atlas Lingüístico de la Península Ibérica", do que só chegou a saír o primeiro tomo, Aníbal Otero publicou traballos lexicográficos na revista "Archivum", editada pola Universidade de Oviedo, e mais a serie das discutidas "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués", aparecidas nos "Cuadernos de Estudios Gallegos". Boa parte deste material refundiuno no seu libro *Contribución al Dicionario Gallego*, Galaxia 1967. Ademais da sistemática e constante recolleita de léxico, Aníbal Otero continuou recollendo romances, dos que chegou a arrecadar unha colección bastante mais ampla que a que lle tiña entregado a D. Ramón Menéndez Pidal.

Pódese asegurar que Aníbal Otero era o maior e mellor conecedor do galego falado no tocante á riqueza de léxico e mais á precisión semántica.

POR UN MULTILINGÜISMO EUROPEO

O conocido poeta Pierre Emmanuel, da Academia Francesa, ven de publicar un interesante artigo encol do multilingüismo na actualidade.

Pierre Emmanuel rexistra que, hoxe por hoxe, existe un idioma case uni-

versal: é o inglés facareño, de "sintaxe rabena e vocabulario incerto", que o mesmo utilizan os comerciantes xaponeses que os universitarios europeos, pra se entenderen coas xentes anglófonas e tamén coas que non o son; usado